



Memoria 2019

MEMORIA 2019

ÍNDICE

GT COOPERACIÓN LOCAL

PROXECTOS

GT COOPERACIÓN INTERNACIONAL

PROXECTOS

PCR 2019

GT EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

PROXECTOS

OUTRAS ACTIVIDADES

GT COMUNICACIÓN

MÉTODOS DE TRABAJO

COMUNICACIÓN OFFLINE

COMUNICACIÓN ONLINE

GT VOLUNTARIADO E FORMACIÓN

PROXECTOS

VOLUNTARIADO

FORMACIONES

AGRADECIMENTOS

MULLERES COLLEITEIRAS

Acompañamento no labor da cooperativa

DATAS DO PROXECTO

Xaneiro 2019 - Decembro 2019

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN

Sensibilizar e formar sobre os aspectos do hábitat e as súas dimensións transversais facendo especial fincapé na gobernanza a través da participación.

COPARTES/COLABORADORES

Mulleres Colleiteiras Sociedade Cooperativa Galega

PERSOAS BENEFICIARIAS

Mulleres en situación de exclusión social.

ORZAMENTO TOTAL

1250,36 euros

INFORMACIÓN ADICIONAL

Promoción da inclusión sociolaboral e benestar de mulleres en situación de exclusión social mediante a participación como alumnas en prácticas no marco real de traballo das cooperativa Mulleres Colleiteiras Sociedade Cooperativa Galega, dedicada á recollida de aceite vexetal usado:

- Dar soporte e promover o programa de prácticas non laborais para mulleres segundo convenio entre a entidade Arquitectura Sen Fronteiras e Mulleres Colleiteiras Sociedade Cooperativa Galega
- Promover a mellora da empregabilidade das participantes (competencias laborais e condicionantes) segundo as necesidades e intereses identificados
- Xerar unha experiencia de desenvolvemento persoal e profesional significativa, con acompañamento e adaptada á situación de partida de cada participante
- Xerar unha rede de traballadoras formadas ad hoc no contexto real de traballo e en contacto para posibles incorporacións como socias traballadoras ou para novas accións formativas
- Facilitar o marco desta ocupación (a formación) como espazo de encontro, de apoio mutuo e empoderamento entre as participantes e o tecido xa activo na cooperativa



PROXECTO NOJ

Programa Noj. Mellora da calidade educativa con pertinencia cultural e de xénero, para a garantía dos dereitos da nenez e a mocidade rural de 8 comunidades do Municipio de Champerico (Guatemala). Fase 4.

LUGAR

Departamento de Retalhuleu, Guatemala

DATAS DO PROXECTO

2018 - 2019

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN

Garantir as condicións adecuadas para que as nenas e nenos de 10 establecementos públicos de nivel primario e básico de 8 comunidades do municipio de Champerico, Retalhuleu, accedan a unha educación de calidade con pertinencia cultural e de xénero.

FINANCIADORES

Xunta de Galicia y Fundación Roviralta

COPARTES/COLABORADORES

PRODESSA, ASIAPRODI e PROYDE

PERSOAS BENEFICIARIAS

- 1.569 persoas

ORZAMENTO TOTAL

Orzamento total: 224.950,00 €

Orzamento Xunta de Galicia 2019: 134.970,00 €

Fundación Roviralta: 3.000,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

O proxecto corresponde á cuarta fase do Programa Educativo Noj (Sabedoría) que da continuidade á intervención en materia educativa que a Xunta de Galicia apoiou desde o ano 2008, primeiro a través do Programa de Desenvolvemento Integral Oxlajuj Tz' ikin (2008-2012) e, posteriormente, a través das diferentes fases do programa Noj. Esta cuarta fase da continuidade ao traballo realizado e está orientada a mellorar, de maneira integral, a calidade educativa, con pertinencia cultural e de xénero, en 10 centros públicos de Champerico, Retalhuleu. O proxecto expónse ao redor de catro eixos de intervención:

- 1- a mellora da calidade educativa en todos os niveis da educación obrigatoria
- 2- o fortalecemento das capacidades e actitudes das nais e pais do alumnado para que participen activamente na educación dos seus fillos
- 3- o fortalecemento de titulares de dereitos e responsabilidades para a defensa do dereito á educación
- 4- a construción de dous centros educativos en dúas comunidades onde non dispoñen de infraestrutura.



PROXECTO NOJ

Mellora da calidade educativa con pertinencia cultural e de xénero, para a garantía dos dereitos da nenez e a mocidade rural de 8 comunidades do Municipio de Champerico (Guatemala). Fase 5.

LUGAR

Departamento de Retalhuleu, Guatemala

DATAS DO PROXECTO

2019-2020

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN

Mellorar a calidade educativa con enfoque de xénero e pertinencia cultural en 10 centros educativos públicos de oito (8) comunidades rurais, en condicións de vulnerabilidade, do departamento de Retalhuleu, Guatemala.

FINANCIADORES

Xunta de Galicia

COPARTES/COLABORADORES

PRODESSA, ASIAPRODI e PROYDE

PERSOAS BENEFICIARIAS

- 1.500 persoas

ORZAMENTO TOTAL

- Orzamento total: 224.980,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

O proxecto constitúe a quinta fase e final do Programa educativo Noj (sabedoría), desenvolto desde o ano 2015 ata a actualidade (5 anos) e que, á súa vez, da continuidade á liña educativa do Programa de Desenvolvemento Integral (IDI) Oxlajuj Tz'ikin, promovido pola Cooperación Galega nos municipios de Champerico e Retalhuleu entre os anos 2008 e 2012.

O proxecto ten como obxectivo a mellora integral da calidade educativa, con pertinencia cultural e de xénero, en oito (8) comunidades rurais en condicións de vulnerabilidade do municipio de Champerico, na costa suroccidental de Guatemala. Isto desenvólvese a través dunha serie de accións ao redor de tres eixos:

- 1- a mellora da calidade na educación obrigatoria (pre-primaria, primaria e básico)
- 2- fortalecemento dos titulares de dereitos, responsabilidades e obrigacións en materia de educación
- 3- a construción e mellora de tres centros educativos de tres comunidades que teñen instalacións moi deficientes.



PROXECTO BAN CHUINKLAL

Programa Ban Chuinklal. Mellora das condicións de acceso a un hábitat domiciliario saudable da poboación máis vulnerable do departamento de Retalhuleu, Guatemala, con énfase nas mulleres viúvas ou solteiras, a través dun proceso colaborativo entre comunidades, autoridades municipais, organizacións sociais e cooperativas. Fase 5.

LUGAR

Departamento de Retalhuleu, Guatemala

DATAS DO PROXECTO

2018-2019

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN

Mellorar as condicións de acceso a un hábitat domiciliario saudable da poboación máis vulnerable do departamento de Retalhuleu, Guatemala, con énfase nas mulleres viúvas e/ou solteiras, a través dun proceso colaborativo entre comunidades, autoridades municipais, organizacións sociais e cooperativas.

FINANCIADORES

Xunta de Galicia

COPARTES/COLABORADORES

ASIAPRODI E FODHAP

PERSOAS BENEFICIARIAS

- 691 persoas

ORZAMENTO TOTAL

- Orzamento total: 174.995,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

O proxecto corresponde á quinta fase do Programa Ban Chuinklal (bo vivir en idioma maya mam) que dá continuidade á intervención en materia de hábitat domiciliario saudable que a Xunta de Galicia apoiou desde o ano 2008, primeiro a través do Programa de Desenvolvemento Integral Oxlajuj Tz'ikin (2008-2012) e posteriormente a través dos proxectos Ban Chuinklal. Nesta quinta fase do programa mantense o espírito dos tres eixos de acción do traballo:

- 1- O fortalecemento institucional e comunitario en materia de dereito ao hábitat.
- 2- A mellora das condicións de hábitat domiciliario saudable de familias en condicións de alta vulnerabilidade.
- 3- A mellora dos hábitos hixiénicos domiciliarios.



PROXECTO BAN CHUINKLAL

Programa Ban Chuinklal. Mellora das condicións de acceso a un hábitat domiciliario saudable da poboación máis vulnerable do departamento de Retalhuleu, Guatemala, con énfase nas mulleres viúvas ou solteiras. Fase 6 (peche).

LUGAR

Departamento de Retalhuleu, Guatemala

DATAS DO PROXECTO

2019-2020

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN

Mellorar as condicións de hábitat domiciliario da poboación máis vulnerable do departamento de Retalhuleu, con énfase nas mulleres viúvas e solteiras.

FINANCIADORES

Xunta de Galicia

PERSOAS BENEFICIARIAS

- 1.874 persoas

ORZAMENTO TOTAL

- Orzamento total: 170.730,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

O proxecto constitúe a fase sexta e de peche do Programa de hábitat domiciliario Ban Chuinklal, desenvolto desde o ano 2014 ata a actualidade (6 anos) polas organizacións: Arquitectura Sen Fronteiras, ASIAPRODI e FODHAP; e que, á súa vez, deu continuidade á liña de habitabilidade básica do Programa de Desenvolvemento Integral (IDI) Oxlajuj Tz'ikin, promovido pola Cooperación Galega nos municipios de Champerico e Retalhuleu entre os anos 2008 e 2012. O proxecto ten como obxectivo a mellora das condicións de hábitat da poboación máis vulnerable do departamento de Retalhuleu, en Guatemala, con especial énfase na situación das mulleres viúvas e solteiras. Trátase, concretamente, de enfrontar a vulneración deste dereito desde dous enfoques: (1) un enfoque estratéxico e (2) un enfoque de emerxencia.

O enfoque estratéxico (baseado no enfoque de dereitos) trata de fortalecer e ofrecer ferramentas aos principais titulares de responsabilidades e de dereitos de Retalhuleu para unha efectiva resolución dos problemas de vivenda e hábitat a través de mecanismos de produción social de hábitat e mecanismos efectivos de incidencia política cara a titulares de obrigacións.

O enfoque de emerxencia trata de resolver de maneira urxente e directa os problemas de hábitat domiciliario, da poboación en condicións de emerxencia habitacional das comunidades rurais e en condicións de vulnerabilidade de Retalhuleu.



PROXECTO EDUCATIVO

Mellora da calidade educativa con pertinencia cultural e de xénero para a garantía dos dereitos da nenez e a mocidade de 10 comunidades da área rural do municipio de Champerico, en Guatemala.

LUGAR

Departamento de Retalhuleu, Guatemala

DATAS DO PROXECTO

2019-2021

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN

Mellorar a calidade educativa con enfoque de xénero e pertinencia cultural en 10 centros educativos públicos de oito (8) comunidades rurais, en condicións de vulnerabilidade, do departamento de Retalhuleu, Guatemala.

FINANCIADORES

Generalitat Valenciana

COPARTES/COLABORADORES

PRODESSA, PROYDE, ASIAPRODI

PERSOAS BENEFICIARIAS

- 2036 persoas

ORZAMENTO TOTAL

- Orzamento total: 446.517,34 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

O proxecto ten como obxectivo a mellora integral da calidade educativa, con pertinencia cultural e de xénero, en doce (12) centros públicos das comunidades rurais e en condicións de vulnerabilidade do municipio de Champerico, na costa suroccidental de Guatemala. O proxecto estrutúrase ao redor de cinco eixos de traballo:

- 1- A mellora da calidade na educación obrigatoria, con enfoque de xénero, interculturalidad e protección do medio ambiente.
- 2- A mellora da atención en materia de educación inclusiva.
- 3- O fortalecemento das capacidades e actitudes das nais e pais para a súa participación activa na educación dos seus fillos.
- 4- O fortalecemento dos titulares de obrigacións e responsabilidades para a defensa do dereito á educación.
- 5- A construción dun centro de recursos para a educación inclusiva que de servizo ó municipio de Champerico.



DIFUSIÓN DO DEREITO AO HÁBITAT

Proxecto de difusión do dereito ao hábitat dende un enfoque transdisciplinar e de xénero a través da formación e sensibilización de axentes multiplicadores clave e alumnado de secundaria na cidade de a Coruña.

DATAS DO PROXECTO

Agosto 2018 - Novembro 2019

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN

Sensibilizar e formar sobre o dereito ao hábitat atendendo ás súas dimensións diversas (física, social, política, simbólica e cultural) cun enfoque transdisciplinar dende a perspectiva da arquitectura e o urbanismo, a socioloxía e educación en valores dende un enfoque de dereitos facendo especial incidencia nas dimensións de xénero e gobernanza.

FINANCIADORES

Xunta de Galicia

COPARTES/COLABORADORES

Universidade da Coruña

PERSOAS BENEFICIARIAS

Alumnado de secundaria de A Coruña, axentes multiplicadores da comunidade educativa formal e non formal.

ORZAMENTO TOTAL

56.900,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

No presente proxecto leváronse a cabo diferentes actividades para cumprir os obxectivos establecidos. Como en proxectos anteriores contamos coa ferramenta do “Podcast Habitando” para divulgar as nosas actividades e tecer redes de cooperación con outras persoas e entidades afíns. Un ano máis fixemos o curso en liña “Hábitat a Escala Humana. Introducción ao hábitat dende un enfoque de xénero e desenvolvemento sostible”, e de cara a mellorar a nosa oferta formativa contamos con varios equipos de expertos que crearon tres módulos para un novo curso que versará sobre “Tecnoloxías Axeitadas”. No eido da educación formal continuamos a colaborar co profesorado da Facultade de Ciencias da Educación da UDC para que integraran no currículo do alumnado o enfoque do Dereito ao Hábitat. Dentro do IES Menéndez Pidal continuamos un ano máis cos Obradoiros sobre o Dereito ao Hábitat; para o alumnado de 1º da ESO fixemos o Obradoiro “Participar para Coidar”, no que tiveron especial incidencia os coidados vistas as necesidades da experiencia previa; co alumnado de 2º da ESO fixemos o “Obradoiro Balmis” contando coa axuda do profesorado da UDC. Para mellorar os coñecementos e habilidades do noso voluntariado fixemos tres formacións internas acerca do Enfoque de Xénero na formulación de proxectos, outro sobre Formulación de Indicadores e finalmente un sobre Innovación e coidados no ciclo de voluntariado. Dentro deste proxecto elaborouse o Plan Estratégico de ASF para o ano 2020-2024, no que se redactou este de forma participativa con todo o voluntariado do grupo e coa axuda dunha consultora externa.



INVESTIGACIÓN ACCIÓN FORMACIÓN

para fortalecer a educación e integración do dereito ao hábitat en centros educativos de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia Fase 1.

DATAS DO PROXECTO

2019-2020

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN

Incrementar o coñecemento das problemáticas e as capacidades relacionadas coa defensa do dereito ao hábitat no contexto educativo de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia

FINANCIADORES

Xunta de Galicia

COPARTES/COLABORADORES

Universidade da Coruña

PERSOAS BENEFICIARIAS

Alumnado de secundaria de A Coruña, axentes multiplicadores da comunidade educativa formal e non formal.

ORZAMENTO TOTAL

39.060,00 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

Neste proxecto que se está a realizar na actualidade, temos a intención de que sexa unha primeira fase das catro que hai planificadas. Queremos dar continuidade ao noso traballo e poder sistematizar tódalas aprendizaxes que tivemos e teremos dentro do grupo de Educación de ASF Galicia. Continuaremos a traballar no IES Menéndez Pidal co “Obradoiro Participar para Coidar”, pero neste caso temos a intención de facelo de forma continua co alumnado que entra agora no centro e ata que remate a súa etapa da ESO, de cara a poder transmitir de forma eficiente a nosa visión sobre o Dereito ao Hábitat. Por mor do éxito que tivemos co “Curso Transformando” no ano 2017 decidimos reeditalo neste proxecto de cara a formar no eido da educación formal e non formal en centros educativos. Desde o grupo comezaremos un proceso de Sistematización e Investigación do noso traballo para mellorar a execución dos nosos proxectos, contando nesta primeira fase coa axuda de consultoras externas e co profesorado da UDC (co que xa colaboramos en proxectos anteriores). A partir do Podcast “Habitando”, da reedición do Seminario “Hábitat a Escala Humana” e da actualización da web de “Recursos Educativos” de ASF Galicia continuaremos a mellorar a divulgación das nosas actividades de cara a axentes externos. Finalmente, buscando a mellora continúa nas habilidades e coñecementos das persoas que integran o grupo de Educación de ASF Galicia, seguiremos a contar con formacións internas dentro do proxecto.



COORDINACIÓN DO PROXECTO TERRA

DATAS DO PROXECTO

15 de marzo de 2018 - 31 de decembro de 2019

OBXECTIVOS XERAIS DA INTERVENCIÓN

Contribuír a que a cidadanía galega perciba a arquitectura e o territorio coma piares básicos da nosa cultura e identidade territorial e co obxectivo de contribuír a crear unha cidadanía máis responsable na procura dun hábitat social digno

FINANCIADORES

Xunta de Galicia - Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)

COPARTES/COLABORADORES

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Axenda da Protección da Legalidade Urbanística (APLU) - COAG

PERSOAS BENEFICIARIAS

- Comunidade educativa galega de todos os niveis de ensinanza desde os 3 aos 18 anos

ORZAMENTO TOTAL

- Orzamento total: 153.333 €

INFORMACIÓN ADICIONAL

“O proxecto nace dunha iniciativa do COAG e desde 2018 é coordinado por ASF Galicia, desde o grupo de Educación. Mediante a elaboración e difusión entre toda a comunidade educativa galega dos contidos relacionados con arquitectura, paisaxe identidade territorial e medio ambiente contribúese a crear unha cidadanía crítica, respectuosa co medio ambiente e que poña en valor a nosa herdanza cultural, arquitectónica e territorial, así como a defensa do dereito ao hábitat.

As actividades realizadas durante o ano 2019 foron:

- Exposición Argallar, en colaboración coa Asociación Ludantia e a APLU
- V Encontro Internacional Playgrounds de Educación en Arquitectura para a Infancia e a Mocidade
- Participación no Seminario internacional UNISCAPE en Route, organizado por, UNISCAPE, o COAG e a UDC
- Curso de patios e camiños escolares en Santiago de Compostela
- Exposición Expo-Activa na Cidade da Cultura
- Participación no II Seminario de educación patrimonial en la escuela en San Millán de la Cogolla
- Renovación dos materiais de secundaria ofertados



OUTRAS ACTIVIDADES

EMPTY CORUÑA

Desde ASF Galicia participamos no *Encontro de actores sociais* celebrado no marco do curso de verán *Empty Coruña? Reimaxinando a cidade ferida pola crise a través dos produtos, as persoas, os procesos e as políticas* o día 31 de agosto e organizado pola Universidade da Coruña.

O curso tratou de abordar a realidade urbana na que vivimos tras a crise inmobiliaria sufrida, as súas orixes e as súas consecuencias. Os 25 alumnos asistiron a seminarios, roteiros, debates e talleres dende un enfoque multidisciplinar (arquitectura, dereito, economía, enxeñaría e socioloxía).

No encontro, aberto ao público, comentouse o traballo que ASF leva realizado na cidade da Coruña dende os seus inicios e debateuse sobre a situación actual co resto de colectivos invitados (Elviña non se vende, Proxecto cárcere e Stop Desafiuzamentos Sada) e o público asistente.

CONGRESO

Do 10 ao 12 de maio de 2018 acudimos ao Pazo da Cultura de Pontevedra varias persoas de todo ASF Galicia. Alí estaba a celebrarse *I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e a Xuventude*. Conferencias, seminarios e obradoiros, unha plataforma dende a que compartir, debater, experimentar e difundir proxectos educativos e de investigación que traballan en espazos onde os nenos e nenas son as protagonistas. O innovador da súa formulación radicou en invertir o sentido de experiencias precedentes, convertindo o proceso educativo no fin en si mesmo, e os procesos arquitectónicos e artísticos no medio de chegar a el.

Ademais de oíntes, o grupo de EpD presentou a concurso a experiencia realizada en 2017 no IES Menéndez Pidal: o obradoiro *Do laberinto ao refuxio* no que o seu alumnado e a través dun proceso participativo transformou un recuncho do patio do centro. Desenvolvimos diferentes técnicas coma roteiros emocionais, derivas con planos, soños en planos e maquetas, finalizando coa intervención conxunta no espazo.



VOLUNTARIADO

OUTRAS ACTIVIDADES

Ademais das charlas de captación especial, procuramos atender a todas as persoas que se achegan a ASF, con charlas ou entrevistas persoais e a través da xestión do correo electrónico.

RESUMO ESTATÍSTICO

Número de charlas de voluntariado 2018: 8 charlas de voluntariado

Número de persoas interesadas que asistiron ás charlas: 44 persoas

Número de incorporacións no 2018: 12 altas

Número de baixas no 2018: 10 baixas

TOTAL DE VOLUNTARIOS A FINAIS DE 2018

32 persoas (21 mulleres e 11 homes)

REUNIÓN VOLUNTARIADO ASFES

En novembro fíxose unha reunión cos responsables de voluntariado de outras demarcacións. Neste encontro puxéronse en común os avances do último ano das distintas DT en materia de voluntariado e formación e acordouse a realización de reunións bimensuais de cara o ano 2018.

Durante o 2017 contactaron coa organización 21 persoas coa intención de coñecer máis sobre a organización e con interese en realizar voluntariado. De todas elas 11 acudiron a algunha das 6 charlas de acollida que se impartiron ao longo do ano.

En total 6 das 11 interesadas acudiron a algunha reunión de traballo e 4 asinaron finalmente acordo de compromisos de voluntariado.

Tendo en conta as persoas que acudiron a charlas do ano 2016 que asinaron o contrato en en 2017, o total de novas persoas ascendeu a 13. Sen embargo, 14 persoas non renovaron ao inicio de ano e 4 persoas das que renovaron deixaron oficialmente a organización ao longo do ano, polo que o número total de voluntarias en 2017 flutuou entre 37 e 29. Con data de decembro de 2017 o número exacto de persoas voluntarias é de 33.

FORMACIÓNS

Diagnose sobre os intereses de Formación en Xénero e o estado dos coidados en ASF Galicia.

Datas: Catro sesións realizadas entre o 12 e o 25 de setembro e posterior ronda de enquisas.

Duración: 16 horas

Participación: 8 persoas en sesión presencial na Coruña e 6 persoas en Guatemala e Haití en sesión en liña (voluntarias e persoal técnico).

Organizado e promovido: GT Voluntariado e Formación e GT EpD

Impartido: Marta del Río e Susana Castro

- Sesión 1 de facilitación: 8 persoas (2 homes; 6 mulleres) (sesión presencial na Coruña).

- Sesión 2 de facilitación: 6 persoas (1 home; 5 mulleres) (sesión por Skype coas persoas de Guatemala e Haití).

- Sesión de facilitación: 5 persoas (1 home; 4 mulleres) (sesión por Skype coas persoas de Guatemala)

- Sesión de facilitación: 6 persoas (2 homes; 4 mulleres) (sesión presencial na Coruña).

Obxectivo: Identificar os intereses e necesidades das persoas que forman parte de ASF-Galicia, tanto de maneira voluntaria como profesional, con respecto ao tema de xénero.

Competencias:

Clave: Coñecemento da teoría e ferramentas de xénero (procedimental)

Complementarias: reflexión sobre os coidados internos da organización, comunicación e traballo en equipo (sociais), motivación e autoconecemento (persoais).

Agenda de Feminismos en Agenda para el Desarrollo

Datas: dous módulos durante o 1 e o 2 de febreiro.

Duración: 12 horas.

Participación: 12 persoas en modo presencial na Coruña (voluntarias e persoal técnico).

Organizado e promovido: GT EpD

Obxectivo: Dar resposta ás inquiredas recollidas como conclusión da diagnose de xénero en canto ás necesidades formativas en canto á formulación de proxectos con perspectiva de xénero, feminista e decolonial

Impartido: Carmen Rodríguez Losada.

Competencias:

Clave: Coñecemento da teoría e ferramentas de xénero (procedimental)

Complementarias: reflexión sobre os roles e estereotipos de xénero, comunicación e traballo en equipo (social), indicadores de xénero (procedimental)

Curso de elaboración de indicadores con enfoque de derechos

Datas: un módulo durante o 28 de decembro.

Duración: 4 horas.

Participación: 10 persoas en sesión presencial na Coruña (voluntarias e persoal técnico).

Organizado e promovido: GT EpD

Obxectivo: Adquirir ferramentas para a formulación de indicadores na metodoloxía de marco lóxico baseados no enfoque de dereitos

Impartido: Luis Pemán

Competencias:

Clave: formulación de indicadores (procedimental)

Formación ASF Galicia “Hábitat a escala humana: o dereito ao hábitat desde un enfoque de xénero e desenvolvemento sostible”

Datas: Formación en liña de tres módulos, dispoñibles entre o 3 de setembro e o 2 de novembro.

Duración: 60 horas.

Participación: 7 persoas entre persoal voluntario e contratado foron receptoras da bolsa para recibir a formación

Organizado e promovido: GT EpD

Obxectivo: Especializarse en hábitat dende un enfoque de dereitos. Realizar un achegamento antropolóxico ao término e ás súas dimensións transversais entendendo o xénero como variable fundamental nos procesos de construción de hábitat. Ofrecer ferramentas consolidadas para a súa xestión e intervención social a través de estratexias participativas.

Impartido:

Módulo 1: Introducción al hábitat. Autoría: QATAY

Módulo 2: Hábitat y Género. Autoría: dexeneroconstrucción

Módulo 3: Gestión Social del Hábitat. Autoría: María Eugenia Lacarra

Competencias:

Clave: Especialización en hábitat dende o enfoque de dereitos, con énfase no xénero como elemento transversal (procedimental)

Complementarias: reflexión transversal arredor do termo hábitat e as súas implicacións na sociedade contemporánea (persoais), procesos de participación (sociais).



Formación espazocoop “Asembleas e reunións”

Datas: dúas sesións presenciais (15 de febreiro e 15 de marzo) e seis módulos en liña. Datas entre o 14 de febreiro e o 20 de marzo. Duración 40 horas.

Participación: 1 persoa voluntaria

Organizado e promovido: GT VeF

Obxectivo: Adquirir competencias técnicas na organización de reunións e asembleas, mellorar as capacidades para organizar asembleas e reunións participativas e eficaces nun clima grupal positivo, mellorar o funcionamento de equipos de traballo e mellorar as competencias na coordinación e dinamización nos procesos de participación nas entidades da economía social.

Impartido: Tanto as sesións presenciais como o contido dispoñible en liña é impartido por persoal de EspazoCoop Unión de Cooperativas Galegas

Competencias:

Clave: Fortalecemento das competencias para o correcto desenvolvemento de asembleas e reunións (sociais)
Complementarias: asertividade e empatía (persoais), comunicación e traballo en equipo (sociais) e dinámicas de grupo.



AGRADECIMENTOS

Ao grupo de **cooperación local** polo voso seu tesón e vosa capacidade de afrontar situacións difíciles, de abrir fiestras cando se pechan portas e derrubar muros para construír novos e necesarios camiños na inclusión da poboación das persoas habitantes dos asentamentos precarios. Pola vosa dedicación e infinita paciencia.

Ao grupo de **cooperación internacional** pola vosa enerxía e constancia. Pola singularidade de traballar aos dous lados do Atlántico, sen descanso e con rigor. Por sentir que compartimos valores e modos de facer coas nosas copartes. Por achegarnos outras cores desde o respecto. Por ser laboratorio de aprendizaxe continuo para tantas persoas novas.

Ao grupo de **educación** por soñar e traballar desde a base. Por buscar transformar o mundo comezando desde a infancia e, aquí, en Galicia. Por planear as cuestións mais esenciais e básicas nas aulas do urbano e do rural. Pola integración de novas disciplinas e a esixencia na réplica do dereito ao hábitat. Pola tranquilidade que supón que esteades aí.

Ao grupo de **comunicación** por narrar os contos desta organización. Por poñerlle voz ao traballo común e conseguir que se nos escoite, aínda queda moito que denunciar e polo que loitar. Pola vosa capacidade de tecer redes e enriquecernos co que pasa aí fora, recordándonos que temos compañía na nosa aventura.

Ao grupo de **voluntariado e formación** por coidarnos. Pola vosa xenerosidade e dedicación. Pola alegría que contaxiades. Polo interese en aprender e que aprendamos. Por ocupar un espazo que era necesario e mantelo con vivacidade. Por acoller ás novas persoas e acompañar ás que continuamos. Por ser soporte.

E ademais, máis aló da singularidade de cada grupo, grazas a todas as persoas que conformamos ASF Galicia. É difícil de explicar, pero fago de todos e todas o sentimento de que algo cambia cando cruzas o limiar da porta da oficina. A sensación de estar arroupados e arroupadas, en familia, sendo moitas as mans que nos sosteñen.

Por último, grazas a todas aquelas **persoas e entidades que colaborades con nós**, que tedes interese en confianza plena na nosa labor de defensa do dereito ao hábitat para todas as persoas.

Sen vós, o 2019 non tería sido posible.



